



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZANOVE DE XUÑO DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria accidental D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día dezanove de xuño de dous mil vinte e catro baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (14/05/2024).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día catorce de maio do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra da AA.VV. Unión e Progreso. (Expediente número 2024/U026/000034).

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido pola Asociación de Veciños Unión y Progreso, para reparación de liñas de panteóns, no cemiterio de Sales (San Xián), debido ao seu estado de deterioro con filtracións moi importantes. Preténdese a renovación da cuberta plana con viguetas, pranchas de fibrocemento e tella vermella, impermeabilización dos panteóns na zona este, lado con terra, así coma colocación de canlóns de aluminio.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 27/05/2024, expediente 2024/078.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001605100NH44A, emprazada en Cibrán - Sales (San Xián), cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Exención das taxas e impostos municipais ao tratarse de unha actuación considerada de interese xeral.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



2.2.- Comunicación de obra de D^a. María del Carmen Cajaraville Sánchez. (Expediente número 2024/U026/000038)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María del Carmen Cajaraville Sánchez para instalación solar fotovoltaica para autoconsumo de 5,56 kWp, nos termos da documentación técnica achegada e do certificado de seguridade e solidez estrutural asinado por Pedro Taboada de Zúñiga Campos de data 25/06/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002102500NH43G, emprazada en Viño grande, 1 - Illobre (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento noventa e cinco euros con oitenta e oito céntimos (#195,88#).

2.3.- Comunicación de obra de D^a. Margarita Neira García. (Expediente número 2024/U026/000037)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Margarita Neira García para rehabilitación de vivenda consistente en renovación da cuberta retirando tellas deterioradas e colocando novas tellas.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000500800NH43C, emprazada en Sarandón, 15 - Sarandón (San Miguel), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de centro trinta e seis euros (#136,00#).

2.4.- Comunicación de obra de D. Francisco Candelero Martínez. (Expediente número 2024/U026/000039)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Francisco Candelero Martínez para construción de peche de parcela de aproximadamente 10 metros no fronte con base de bloque, recebado e pintado, que non superará o 1,50 metros de alto, e 52 metros polos estremeiros con postes e malla de arame sen superar, en ningún caso, a altura total de 1,80 metros. Recuarase 6 metros do eixe da vía municipal.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50230340, emprazada en Piñeiro, 24 - Illobre (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais. (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.5.- Comunicación de obra de LSPL Emergey Solution, S.L. (Expediente número 2024/U026/000040)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Karina Kurtseva, en representación de LSPL ENERGY SOLUTION SL, para instalación solar fotovoltaica para autoconsumo de 4.75 kwp sobre cuberta de edificación auxiliar, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don José Antonio De Paula Mendoza en calidade de enxeñeiro técnico industrial.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002203600NH44A, emprazada en Cornado, 18 - Sales (San Fins), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Rústico de especial protección agrícola (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta e cinco euros con noventa céntimos (#155,90#).

2.6.- Comunicación de obra de D^a. María Jesús Valdés Cabo. (Expediente número 2024/U026/000029)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María Jesús Valdés Cabo para renovación de cuberta de vivenda unifamiliar, aproximadamente 175 m², retirando a tella existente e colocando nova tella.

Dáse conta da declaración responsable presentada no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de A Coruña, con data 02/05/2024, por afección da AC-241.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 002201900NH43F, emprazada en Rozadela, 2 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 2 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos sesenta e catro euros (#264,00#).

2.7.- Comunicación de obra de Compostela Digital, S.L. (Expediente número 2023/U026/000079)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Mario Porto Gasco, en representación de COMPOSTELA DIGITAL SL, para instalación solar fotovoltaica de potencia instalada pico de 3,87 kWp, 9 paneis de 430W nos termos da documentación técnica achegada.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 30/05/2024, Referencia SPR-2024-0098, por afección zona do ben catalogado do Camiño de Santiago, Vía da Prata ou Camiño Mozárabe.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50800409, emprazada en Gundián, 6 - Ponte Ulla, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta e seis euros con cincuenta e oito céntimos (#156,58#).

2.8.- Instancia de D^a. Ana Isabel Pereira García. (Expediente número 2024/U018/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para parcelamento e finca en Sete - Ribadulla (Santa Cruz) en tres parcelas resultantes e tres parcelas de cesión para regularización do viario municipal, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Raúl Sotelo Carral en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 08/05/2024.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como De expansión dos núcleos rurais (N-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Sete - Ribadulla (Santa Cruz) nos termos da documentación técnica achegada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes que ascenderon á cantidade de cento oitenta euros (#180,00#.)

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión para a regularización do viario municipal nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos e no plano do proxecto número 03, resultando as seguintes parcelas de cesión: parcela de cesión 1: 192 m²; parcela de cesión 2: 13 m² e parcela de cesión 3: 304 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.9.- Comunicación de obra de don Manuel Villaverde Sánchez. (Expediente número 2024/U026/000041)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra achegada por Manuel Villaverde Sánchez para renovación de cuberta de vivenda unifamiliar retirando tella deteriorada e repoñendo nova tella onde faga falta.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001501300NH34B, emprazada en Paradela, 31 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta e sete euros con corenta céntimos (#77,40#).

2.10.- Comunicación de obra de don Miguel Ángel Navarro Ortigosa. (Expediente número 2024/U026/000043)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Miguel Angel Navarro Ortigosa para instalación de placas solares fotovoltaicas sobre cuberta de edificación. 8 Paneis Solares Crady Solar CSP-HC 465 W mono cristalinos, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Alberte Baltasar Figueiras de data 03/06/2024.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001101300NH43F, emprazada en Os Muiños, 5 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento trece euros (#113,00#).

3º.- Dar conta de Resolúcións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolúcións da Alcaldía do mes de maio:

DECRETO	DATA	ASUNTO
262	02/05/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
263	02/05/2024	Adxudicación contrato de subministración de composteiros domésticos, aireadores e termómetros para a compostaxe doméstica



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		(Exp. 2024/C005/000002)
264	02/05/2024	Concesión axuda de emerxencia social a YRB
265	06/05/2024	Concesión novas axudas ao estudo, curso escolar 2023/2024 (listaxe de agarda)
266	06/05/2024	Adxudicación contrato de Asistencia técnica Centro de Emprendemento A Estación –Espazo coworking do Concello de Vedra (Exp. 2024/C004/000001)
267	06/05/2024	Designación Vogal 4º (técnico/a designada pola Alcaldía) na Mesa de Contratación da licitación do Servizo de asesoramento xurídico, defensa xurídica e representación procesual do Concello de Vedra (Exp. 2024/C004/000003)
268	06/05/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
269	06/05/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
270	06/05/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
271	06/05/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
272	08/05/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente á mensualidade de maio
273	08/05/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente á mensualidade de maio
274	08/05/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente á mensualidade de abril
275	08/05/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés, correspondente á mensualidade de maio
276	08/05/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar, modalidade libre concorrencia, correspondente á mensualidade de abril
277	08/05/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar, modalidade dependencia, correspondente á mensualidade de abril
278	08/05/2024	Reserva de instalacións (aula aberta da Casa da estación) para reunión de persoal de Finsa S.A.
279	08/05/2024	Rectificación factura do servizo de abastecemento de auga do 1º trimestre de 2024 por erro na lectura de contador
280	08/05/2024	Contratación de dous peóns de obras públicas durante 4 meses por circunstancias de produción, de acordo coa proposta da Mesa Cualificadora
281	08/05/2024	Aprobación expediente de contratación de <i>Execución de actuacións de carácter supramunicipal do Plan de Sostenibilidade Turística Terras de Santiago (PSTD)</i> , financiado polo Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia Next Generation EU , en función do convenio asinado entre o GDR Terras de Compostela e os concellos beneficiarios (Concello de Vedra: entidade local executora do PSTD)
282	09/05/2024	Aprobación listaxe provisional e definitiva das persoas admitidas/excluídas do proceso de selección de persoal do APROL RURAL 2024 (2 postos de oficiais de 2ª xardineiro-forestal)
283	09/05/2024	Aprobación liquidación taxa de formalización do contrato de Asistencia técnica na xestión e dinamización do Centro de Emprendemento A Estación –Espazo Coworking do Concello de Vedra, con Ángel González Nogueira, financiado co PEL -



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		Deputación
284	09/05/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
285	09/05/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
286	10/05/2024	Devolución aval bancario constituído para responder da execución do contrato de asistencia técnica xestión e dinamización do Centro Coworking do Concello de Vedra (Exp. 2023/C004/000001)
287	10/05/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación correspondente á mensualidade de maio
288	10/05/2024	Aprobación expediente de modificación de créditos 5/2024, modalidade xeración de créditos vinculada á subvención para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais (PEL 2024)
289	10/05/2024	Aprobación certificación nº 6 e final da obra Colectores de saneamento en Bazar e factura correspondente da empresa adxudicataria Construcciones Caldevergazo, S.L, por importe de 4.153,98 euros
290	10/05/2024	Baixa no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo de recibo correspondente á vivenda núm. 7 de Manteles de Abaixo –Vedra
291	13/05/2024	Aprobación convenio co Concello de Boqueixón en materia de xuventude e voluntariado para o exercicio 2024
292	14/05/2024	Alta no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 7 de Manteles de Arriba –Vedra
293	14/05/2024	Aprobación expediente de contratación de Servizo de información turística na oficina de turismo
294	15/05/2024	Aprobación bases campamentos de verán 2024
295	15/05/2024	Aprobación modificación de créditos 6/2024, modalidade de xeración de créditos vinculada á subvención para a contratación de persoal das oficinas de turismo 2024 da Deputación Provincial
296	16/05/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
297	16/05/2024	Aprobación modificación de créditos 7/2024, modalidade de transferencias de créditos entre a mesma área de gasto
298	20/05/2024	Aprobación listaxe definitiva persoas admitidas e excluídas na EIM, curso escolar 2024/2025
299	20/05/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
300	20/05/2024	Concesión licenza administrativa para paseante de animais perigosos a PGM
301	21/05/2024	Expediente de limpeza de fincas en Galegos - San Pedro de Vilanova
302	21/05/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga de vivenda núm. 19 de Calzande – San Xián de Sales
303	21/05/2024	Concesión axuda de emerxencia social a MRRB
304	21/05/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga de vivenda núm. 77 de Paradela – San Xián de Sales
305	21/05/2024	Baixa na EIM, curso 2023/2024, de AFN
306	21/05/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga de vivenda núm. 5 de Neira de Arriba- San Mamede de Ribadulla
307	21/05/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga de vivenda núm. 6 de Avda. M. M. Gómez Lorenzo –Vedra
308	21/05/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga de vivenda núm. 22 de Texo – San Fins de Sales
309	21/05/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga de vivenda



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		núm. 4 de Angustín – San Mamede de Ribadulla
310	21/05/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga de vivenda sita en Piñeiro –San Andrés de Illobre
311	21/05/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
312	21/05/2024	Aprobación da autoliquidación do 1º cuadrimestre 2024 do canon da auga e tramitación ante Augas de Galicia
313	23/05/2024	Aprobación certificación núm. 2 da obra de Mellora de camiños en Tomonde (PMM 2023/2024) e factura correspondente da empresa adxudicataria Nemesio Ordóñez, S.A por importe de 28.457,32 euros
314	23/05/2024	Aprobación xustificación axuda de emerxencia social a YRB
315	23/05/2024	Aprobación e orde de pagamento de sanción imposta por infracción leve de sanidade ambiental na escola unitaria de San Miguel
316	23/05/2024	Concesión dunha subvención directa á Asociación de veciños Unión e Progreso
317	23/05/2024	Recoñecemento trienios ao persoal municipal
318	23/05/2024	Aprobación certificación núm. 3 e última da obra Mellora de camiños en Tomonde (PMM 2023/2024) e factura correspondente da empresa adxudicataria Nemesio Ordóñez, S.L, por importe de 15.085,87 euros
319	23/05/2024	Remisión do padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros 2024 á Deputación Provincial para o seu cobro
320	23/05/2024	Remisión do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública
321	23/05/2024	Aprobación e orde de pagamento do 25% da taxa por cesión de uso da instalación xuvenil Area (Viveiro) para o campamento de verán 2024
322	24/05/2024	Orde de pagamento de axudas ao ensino 2023/2024
323	24/05/2024	Contratación persoal APROL RURAL 2024 (2 postos de oficiais de 2ª xardineiro –forestal) de acordo coa proposta da Mesa de Selección
324	24/05/2024	Expediente limpeza de fincas en Caldelas –Ponte Ulla
325	27/05/2024	Baixa na EIM, curso escolar 2023/2024
326	27/05/2024	Renovación tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a EFF
327	27/05/2024	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes ao mes de maio
328	27/05/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2014.15 por importe de 9.865,94 euros
329	27/05/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2024.16 por importe de 3.050,49 euros
330	27/05/2024	Contratación de Manuel Gestoso Filloy durante 6 meses como tractorista en base á convocatoria de selección de persoal 2020/2021
331	27/05/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2014.17 por importe de 209.619,88 euros
332	27/05/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
333	27/05/2024	Alta no Programa Conxuga, curso 2023/2024 de YVQ
334	28/05/2024	Adxudicación contrato de Servizo de información turística na Oficina de turismo do Concello de Vedra (Expediente núm.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		2024/C002/000002)
335	28/05/2024	Rectificación factura do servizo de abastecemento de auga do 1º trimestre, por erro na lectura
336	28/05/2024	Aprobación listaxe definitiva de persoas admitidas/excluídas no proceso de selección de persoal do PEL Concellos 2024 (3 peóns de obras públicas e 1 axudante de recollida de lixo)
337	28/05/2024	Xustificación 2ª anualidade do Plan de Mellora de Camiños (PMM 2023/2024) cofinanciado polo FEADER
338	28/05/2024	Alta no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2023/2024 de YVQ
339	28/05/2024	Concesión tarxeta de armas a DSG
340	29/05/2024	Aprobación xustificación gastos axudas ao estudo concedidas da lista de agarda
341	29/05/2024	Aceptación da bonificación de Sogama do 15% no canon unitario de tratamento de residuos urbanos para o ano 2024, asumindo o compromiso de dar traslado da mesma ás persoas beneficiarias do servizo
342	29/05/2024	Aprobación do convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e o Club de montaña Vértice, prevista no orzamento de 2024
343	29/05/2024	Aprobación certificación núm. 2 da obra de Colectores de saneamento en Fontao e factura correspondente da empresa adxudicataria Construcciones Caldevergazo, S.L, por importe de 24.886,88 euros
344	30/05/2024	Cambio de xornada da EIM de AMT, curso 2024/2025
345	30/05/2024	Denegando tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade, por non cumprir requisito básico (dificultade de mobilidade)
346	31/05/2024	Aceptando renuncia á praza concedida na EIM, curso 2024/2025 de LSM, e arquivo de expediente
347	31/05/2024	Autorización de permiso para fogueiras de San Xoán e cacharelas
348	31/05/2024	Autorización uso aula aberta do espazo coworking do concello á empresa Finsa, S.A. para reunión de persoal da empresa
349	31/05/2024	Baixa no comedor da EIM, curso 2024/2025, de CGG.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.